
Theano

# BRAVXS

## *Theano*

### *(século VI a.C.)*

A matemática e filósofa naceu en Crotona no século VI a.C. Foi unha das mulleres que na antigüidade clásica puido sortear as limitacións que lles impedía ás mulleres acceder ao saber e á ciencia. Theano foi unha figura destacada na escola pitagórica: foi alumna, logo mestra e, posteriormente, á morte de Pitágoras, pasou a dirixila nuns momentos complicados nos que os seus membros eran perseguidos. A chegada á dirección de Theano supuxo un cambio de rumbo total no funcionamento da escola e considérase que é a precursora da investigación científica, tal e como a entendemos na actualidade.

A escola pitagórica era un grupo sen xerarquías que apoiaba a igualdade entre mulleres e homes, independentemente da cultura ou da riqueza da persoa A ela débense, entre outros, o tratado que proba a irracionalidade do número áureo –cuestión que, xunto coa irracionalidade de raíz de 2, fixo tremer os cimentos da escola–. Esta muller permitiunos coñecer a importancia que tivo a devandita escola para fundamentar a matemática clásica, así como os grandes avances que os seus membros achegaron á ciencia e á cultura en xeral.

Ilustración: Marta Riera / marta@martariera.com

Universida de Vigo

Unidade de Igualdade

Cátedra de Feminismos 4.0

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA